




Área / Unidade PARTICIPACION CIUDADANA PC1100 ALC	Documento 2381AI01D9	
Código de verificación  0724 1847 5W4E 6Q2N 0ODP	Expediente 238/2026/48	
	Fecha 22-06-2026	

INFORME-PROPOSTA DE RESOLUCIÓN PROVISIONAL DE CONCESIÓN DE SUBVENCIONES DO CONCELLO DA CORUÑA, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, A ASOCIACIÓN VECIÑAIS DA CORUÑA EN MATERIA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ, PARA APOIAR O FUNCIONAMENTO E A DINAMIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INTERESE SOCIAL, CÍVICO E CULTURAL, EXERCICIO 2026.

1. ANTECEDENTES

A concelleira responsable de Benestar Social, Participación e Igualdade, por delegación da Xunta de Goberno Local (acordo do 4 de xullo de 2024, BOP nº129 do 5.07.2024), en uso das facultades que ten conferidas resolveu o 4 de marzo de 2026 aprobar a convocatoria de subvencións para as asociacións veciñais da Coruña en materia de participación cidadá para apoiar o mantemento das sedes e a dinamización de actividades das asociacións veciñais con sede no termo municipal da Coruña para o ano 2026. A información relativa a esta aprobación foi remitida á Base de Datos Nacional de Subvencións, publicada no Boletín Oficial da Provincia o 10 de marzo de 2026 (BOP nº 46).

Abriuse o prazo de presentación de solicitudes de 20 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia Nº 46. Rematado o prazo, o servizo de Participación Cidadá e Innovación recibiu 9 solicitudes de subvención para a liña 1 - apoio ao mantemento das sedes sociais - e 19 solicitudes para a liña 2 - apoio a programas, proxectos e/ou actividades -.

Así mesmo, no marco das solicitudes presentadas, inclúese unha petición de autorización para a contratación de persoa vinculada, que foi analizada consonte o previsto na normativa de subvencións.

2. REVISIÓN DE SOLICITUDES E FASE DE ADMISIÓN

Solicitudes desistidas:

De conformidade co disposto no artigo 68 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, declárase desistida a solicitude de subvención correspondente á liña 1 presentada pola ASOCIACIÓN DE VECIÑOS E COMERCIANTES DA FALPERRA (G-70324595).

Examinada a solicitude presentada, constatouse que o orzamento achegado incluía conceptos de gasto non subvencionables conforme ás bases reguladoras da convocatoria (Base 7.1.1).

Con data 22.05.2026 formulouse requirimento de emenda, no que se instaba á entidade solicitante a adecuar o orzamento aos conceptos subvencionables previstos.



Transcorrido o prazo concedido sen que se procedese á devandita emenda, procede ter á entidade por desistida da súa solicitude.

Solicitudes non admitidas por incumprimento de requisitos:

De conformidade co disposto na base 8.1 da convocatoria, declárase non admitida a solicitude de subvención correspondente á liña 1 presentada pola ASOCIACIÓN DE VECIÑOS SAN CRISTÓBAL DAS VIÑAS (G15059835), ao incumprir o requisito establecido nas devanditas bases de carecer de local municipal en réxime de cesión ou noutras condicións de uso gratuíto.

Esta circunstancia queda acreditada no informe emitido polo Servizo de Patrimonio Urbanístico con data 06.05.2026, polo que procede a súa exclusión do procedemento de valoración.

3. SOLICITUDES ADMITIDAS E FASE DE VALORACIÓN

Feitas as comprobacións pertinentes pasan a fase de valoración 7 solicitudes de subvención da liña 1 para o apoio ao mantemento das sedes sociais das asociacións veciñais que carezcan de local municipal en réxime de cesión ou noutras condicións de uso gratuítas e a totalidade das solicitudes de subvención recibidas para a liña 2, destinadas a apoiar a realización de proxectos e actividades realizadas polas asociacións veciñais durante o ano 2026.

Toda elas foron presentadas en tempo e forma, conforme aos requisitos exisidos na base 8 da Convocatoria.

Con data 18 de xuño de 2026 reuniuse a comisión de valoración, nomeada mediante resolución da concelleira responsable de Benestar Social, Participación e Igualdade en data 10 de xuño de 2026 para, segundo contéplase na base 13.4 da Convocatoria, realizar a valoración das solicitudes presentadas.

En base ao resultado da instrucción do procedemento de admisión de solicitudes así como aos acordos adoptados pola comisión de valoración e as restantes cuestións analizadas no expediente, incluídas as relativas á autorización para a contratación con terceiros, formúlase a seguinte:

PROPOSTA PROVISIONAL

PRIMEIRO. Conceder as subvencións correspondentes á **convocatoria do exercicio 2026 a asociacións veciñais da Coruña** destinadas a apoiar o funcionamento e a dinamización de actividades, por un importe global de **SESENTA MIL euros (60.000,00 €)**, ás entidades solicitantes e polos importes que a continuación se relacionan, con cargo á **aplicación 51.924.489.00** do orzamento municipal en vigor, de conformidade co informe de avaliación de solicitudes emitido pola comisión de valoración constituída a tal fin.

RELACIÓN DE ENTIDADES SOLICITANTES E SUBVENCIÓN CONCEDIDA

LIÑA 1: APOIO AO MANTEMENTO DAS SEDES SOCIAIS



Concello da Coruña

ASOCIACIÓN	NIF	Importe solicitado	Puntos	Subvención provisional
ASOCIACION VECIÑAL AGRA	G15142052	3.425,00 €	21,4	3.425,00 €
AV OZA DE LA GAITEIRA LOS CASTROS	G15037708	6.718,24 €	12,6	6.718,24 €
ASOCIACION VECINOS CASTRILLON URBANIZACION SOTO IAR	G15072242	4.438,00 €	18,4	4.438,00 €
ASOCIACION DE VECINOS Y COMERCIANTES S. FAMILIA	G15638034	284,00 €	4,2	284,00 €
AV ATOCHAS MONTE ALTO TORRE HERCULES	G15038243	1.609,00 €	17,5	1.609,00 €
ASOCIACIÓN VECINAL E EMPRESARIAL, MONTE MARTELO	G13960356	3.916,00 €	8,8	3.916,00 €
ASOCIACION DE VECINOS DE LA PLAZA DEL COMERCIO	G02688505	3.258,00 €	7,3	3.258,00 €
TOTAL			90,1	23.648,24 €

LIÑA 2: APOIO A PROGRAMAS, PROXECTOS OU ACTIVIDADES

ASOCIACIÓN	NIF	Importe solicitado	Proxecto	Puntos	Subvención provisional
ASOCIACIÓN DE VECINOS DEL VENTORRILLO	G15149396	5.200,00 €	Proxectos de dinamización veciñal 2026	48,1	2.512,00 €
ASOCIACIÓN DE VECINOS XUNQUEIRAS MESOIRO VÍO	G15769292	1.430,00 €	Actividades 2026	19,1	1.000,00 €
ASOCIACIÓN DE VECINOS PERULEIRO-MARIÑEIRO	G15212418	2.300,00 €	Actividades formativas e creativas	12,4	650,00 €
ASOCIACIÓN VECIÑAL OS MALLOS PLATAFORMA	G75528067	4.395,50 €	Actividades 2026	33,4	1.743,00 €
ASOCIACIÓN DE VECINOS A BARCAROLA DE CATRO CAMIÑOS	G15367253	9.300,00 €	Talleres formativos, actividades e festival de fin de curso	38,4	2.004,00 €



Concello da Coruña

ASOCIACIÓN	NIF	Importe solicitado	Proxecto	Puntos	Subvención provisional
ASOCIACIÓN VECIÑAL CULTURAL DEPORTIVA E RECREATIVA DO BARRIO DA AGRA DO ORZÁN "AGRA"	G15142052	4.350,00 €	DiverS.O.S. na Agra, Agra no Ágora e Facendo barrio	67,4	3.518,00 €
ASOCIACIÓN DE VECINOS LOUREIRO SAN PEDRO DE VISMA	G15374804	7.128,00 €	Programación 2026	27,1	1.414,00 €
ASOCIACIÓN DE VECINOS/AS DE XUXAN	G22487193	4.885,00 €	Actividades 2026	55,5	2.899,00 €
ASOCIACIÓN DE VECINOS MONELOS FUENTE DE LAS PAJARITAS	G15073216	2.605,78 €	Programación 2026	31,7	1.654,00 €
ASOCIACIÓN DE VECINOS Y COMERCIANTES DE LA FALPERRA	G70324595	1.800,00 €	Gurugú creativo	12,5	650,00 €
ASOCIACIÓN DE VECINOS CASTRILLÓN URBANIZACIÓN "SOTO IAR"	G15072242	4.068,00 €	Programas Comunitarios e Participativos no barrio do Castrillón-Urbanización Soto	45,5	2.376,00 €
ASOCIACIÓN DE VECINOS FRANCISCO RODRÍGUEZ OTERO	G15147127	4.000,00 €	Dinamización do noso barrio 2026	45,1	2.356,00 €
ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DO BARRIO DE SAN CRISTOBAL DAS VIÑAS "OS ANXOS"	G15059835	2.574,00 €	Halloween, Nadal e manualidades	16,4	857,00 €
AGRUPACIÓN CORUÑESA DE ASOCIACIÓNS VECIÑAIS	G75315168	1.910,00 €	Actividades 2026	32,0	1.671,00 €
ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DA CIDADE VELLA MARIA PITA	G15311582	5.245,00 €	Día das Letras Galegas, magosto e Samaín e charlas veciñais	44,9	2.345,00 €



Concello da Coruña

ASOCIACIÓN	NIF	Importe solicitado	Proxecto	Puntos	Subvención provisional
ASOCIACIÓN VECINAL CULTURAL Y DEPORTIVA DE LOS ROSALES	G15939978	4.850,00 €	Actividades sociais e celebracións populares	36,5	1.905,00 €
ASOCIACIÓN VECINAL E EMPRESARIAL, MONTE MARTELO	G13960356	6.390,00 €	Samaín, Nadal, idiomas, fútbol, cerámica, memoria e ximnasia	27,8	1.450,00 €
ASOCIACION DE VECINOS DE LA PLAZA DEL COMERCIO	G02688505	6.100,00 €	Samaín, Nadal e proxecto Móvete	25,9	1.353,00 €
ASOCIACIÓN DE VECINOS OS NOSOS LARES DE PALAVEA	G15040918	7.042,90 €	Programación 2026, dinamización veciñal	50,5	2.636,00 €
				670,2	34.993,00 €

SEGUNDO. Declarar desistida a solicitude de subvención de liña 1 da ASOCIACIÓN VECIÑOS E COMERCIANTES DA FALPERRA (G70324595) por non ter atendido o requirimento de emenda notificado con data 22.05.2026, polo que procede a súa exclusión do procedemento de valoración.

TERCEIRO. Declarar non admitida a solicitude de subvención de liña 1 da ASOCIACION DE VECIÑOS SANCRISTOBAL DAS VIÑAS (G15059835) por concorrer a causa de exclusión recollida na base 8.1 da convocatoria, que establece que as entidades beneficiarias deben carecer de local municipal en réxime de cesión ou noutras condicións de uso gratuitas.

CUARTO. Autorizar ás seguintes entidades á execución parcial das actividades subvencionadas coas persoas que a continuación se indican:

Entidade	NIF	Liña	Actividade	Persoa vinculada	Importe da autorización e descrición
ASOCIACIÓN VECIÑAL AGRA	G15142052	2	DiverS.O.S na Agra	Noa Seixo Piñeiro	1.300 € - nómina e Seguridade Social

QUINTO. Instar ás entidades a que reformulen as súas solicitudes correspondentes á liña 2, segundo o establecido na base 14.2 da convocatoria específica de subvencións en relación co artigo 27 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións. O prazo de reformulación será de 5 días desde a finalización do prazo de presentación de alegacións.

Non caberá reformulación nas subvencións de liña 1.



SEXTO. Condicionar a concesión definitiva a que se xustifiquen as subvencións anteriormente outorgadas polo Concello da Coruña. No caso de que no momento de concesión das subvencións haxa entidades beneficiarias con subvencións pendentes de xustificación, poderá continuar o procedemento condicionándose o pago á xustificación das referidas subvencións.

SÉPTIMO. Enxertar anuncio público desta proposta de resolución provisional no Taboleiro de anuncios e edictos da sede electrónica do Concello da Coruña e na páxina web de Participación do Concello da Coruña - Base 14.1 -, concedendo un prazo de 10 días hábiles para presentar alegacións, que empezará a contar o seguinte á publicación de esta proposta provisional nos medios sinalados anteriormente.

A Coruña, na data da sinatura electrónica

A xefa de departamento de Participación e Xuventude
P.A. a xefa de servizo de Acción Social